

PROGRAMACIÓN DOCENTE
A NOSA CIDADE E AS SÚAS COUSAS

curso 2019-20

ESQUEMA XERAL

- I. Datos descritivos da materia
- II. Contexto da materia
- III. Obxectivos xerais
- IV. Adquisición de destrezas e habilidades
- V. Volume de traballo
- VI. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- VII. Metodoloxía docente
- VIII. Avaliación da aprendizaxe
- IX. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

Nome da materia	A nosa cidade e as súas cousas
Código	IV20501
Tipo (M / O / AC)	AC
Curso aconsellado	1º
Créditos totais	1.5
Horas totais de traballo da/o estudante	37.5
Cuadrimestral (especificar 1º/2º)	1º
Ámbito de coñecemento (H / T / XS / C / CS)	H

Tipo: M=materia, O=obradoiro e AC=actividade complementaria

Ámbito: H=humanidades, T=tecnolóxico, XS=xurídico social, C=científico e CS=ciencias da saúde

I.1. Profesora: Elena Santillán Pedrosa

Profesora coordinadora da materia: Elena Santillán Pedrosa

Profesora	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías	Lugar	Lingua
Elena Santillán Pedrosa	1.5 A e V		Escola de Enxeñería Forestal	

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 4. Coñecementos previos para cursar a materia

Non son necesarios.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO PROGRAMA

Materia encadrada no Ciclo Intensivo do PUM-Pontevedra, aconséllase para o 1º curso, co fin de iniciar a formación do alumnado.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

Este seminario pretende, a través da historia local de Pontevedra, ver a cidade dun xeito novo, achegándose aos diferentes elementos que a conforman desde a óptica do coñecemento histórico. Ó mesmo tempo que encadramos a historia da cidade no desenvolvemento dunha historia máis global, coñeceremos os métodos do traballo histórico e arqueolóxico con exemplos obtidos de restos arqueolóxicos, documentos, prensa ou fotografía.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Esperase do alumnado que:

- Adquiera o hábito de ler documentación histórica de diferentes tipos.
- Elabore pequenos traballos de investigación sobre aspectos relacionados coa cidade.
- Coñeza a súa cidade dun xeito novo, achegándose aos diferentes elementos que a conforman desde a óptica do coñecemento histórico.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fóra da aula	Factor de traballo do alumnado	Horas de traballo persoal do alumnado	Horas totais do alumnado	Créditos
Clase maxistral	11		1.5	16.5	27.5	1.1
Prácticas		4	1.5	6	10	0.4
Viaxe de estudos						
Exame						
Total					37.5	1.5

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Introdución. Pontevedra nas crónicas e a literatura: descrições da vila.	
2	As orixes: Pontevedra romana	
3	Pontevedra medieval. 3.1. A organización: "Fuero" e privilexios, a dependencia arcebispal. 3.2. As actividades económicas: a pesca como principal fonte de riqueza. 3.3. A Baixa Idade Media. Unha etapa de conflitos: a participación de Pontevedra na Guerra Irmandiña e as guerras dinásticas.	
4	O século XVI: unha cidade que crece e se transforma.	
5	O século das luces: unha visión da época a partires de dous personaxes vencellados a Pontevedra: o Pai Sarmiento e os irmáns Lees.	
6	A época contemporánea. S.XIX 6.1. Os difíciles inicios da época contemporánea: a Guerra da Independencia en Pontevedra. 6.2. A loita pola capitalidade, historia dun longo proceso de argumentos e enfrontamentos. 6.3. Sociedade e cultura na Pontevedra do século XIX. O Instituto de Pontevedra. 6.4. Caciques e política, a Pontevedra da Restauración. 6.5. 1898: Pontevedra e a guerra de Cuba. A visión da prensa.	
7	O século XX. A Segunda República. O nacionalismo en Pontevedra. A creación do Partido Galeguista.	

Programa práctico (se o houbera)

Tema	Contidos	Duración
1	Visita ó Museo de Pontevedra	2 horas
2	Paseo histórico pola cidade	2 horas

Viaxes de estudo (se as houbera)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración

Bibliografía

- Armas Castro, Xosé (1992). *Pontevedra en los siglos XIII al XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia Medieval*. A Coruña: Fundación Barrié.
- Beramendi, Xusto (1997). *El nacionalismo gallego*. Madrid: Arco Libros.
- Fortes Bouzán, Xosé (1993). *Historia de la ciudad de Pontevedra*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Fortes Bouzán, Xosé (1995). *Pontevedra en el espejo del tiempo*. Pontevedra: Caixa de Pontevedra/Concello de Pontevedra.
- Fortes Bouzán, Xosé (2011). *Pontevedra. Burgo, villa, capital*. Pontevedra: Guiverny.
- García, José Benito (2013). *Habladme piedras. Pontevedra, historia y leyendas*. Pontevedra: edición do autor.
- Juega Puig, Juan; Peña Santos, Antonio; Sotelo Resurrección, Enrique (1995). *Pontevedra, villa amurallada*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- Landín Tobío, Prudencio (1999). *De mi viejo carnet*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- Landín Carrasco, Rafael (1986). *Pontevedra de aquella*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra
- Peña Santos, Antonio; Juega Puid, Juan; López de Guereñu, Luis (1996). *Historia de Pontevedra*. A Coruña: Vía Láctea.
- Santillán Pedrosa, Elena (1992). “La prensa de Pontevedra en 1898. Una visión de la guerra de Cuba”, en *Revista de Estudios Provinciais*.
- Torre, Rafael L. (2013). *Pontevedra de vuelta y media*. Pontevedra: Faro de Vigo.
- Torres, Sabino (2014). *Crónicas dun tempo escondido. Pontevedra 1930-1960*. Vigo: Galaxia
- Pontevedra 1898. Sociedade, arte e cultura*. Museo de Pontevedra, 1998.

VII.- METODOLOXÍA

Clases: baseadas na participación activa do alumnado mediante o tratamento de documentación histórica relacionada coa cidade de Pontevedra.

Prácticas: actividades complementarias realizadas fóra da aula para conseguir un contacto directo cos aspectos da cidade que sexan tratados nas clases: restos arqueolóxicos, edificios, espazos urbanos...

Exame: elaboración dun traballo individual, con rigor histórico e baseado na investigación de fontes (prensa, revistas, documentos de arquivo) e bibliografía.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

Terase en conta a participación activa nas sesións de clase. O traballo de fin de curso terá a consideración de exame final polo que será imprescindible a súa presentación.

IX.- OBSERVACIÓNS